



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO NAS LISTAS PROVISIONAIS E DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS PARA A SELECCIÓN DE PEÓNS AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA NO CONCELLO DE CEDEIRA**

Resultando que mediante Resolución de Alcaldía núm. 272/2020 de data 01.06.2020 aprobáronse as Bases reguladoras do procedemento de selección de persoal laboral temporal a tempo completo a contratar ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

Resultando que ditas Bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 81 de 05 de xuño de 2020.

Detectado erro nas Resolucíons 306/2020 de 17/06/2020 e Resolución 313/2020 de 22/06/2020 ao aparecer como admitido o aspirante D. Daniel Formoso Leal cando non especifica na súa solicitude se está ou non nalgunha das situacións de exclusión necesarias para poder ser contratado a través do Programa de Integración laboral da Deputación da Coruña segundo as mencionadas bases reguladoras do procedemento de selección, polo que o citado aspirante non debeu aparecer entre os admitidos, debendo pola contra ter sido requerido para a subsanación de dito defecto na súa solicitude.

Polo exposto, **RESOLVO:**

**Primeiro.-** Requerir a D. Daniel Formoso Leal para a subsanación de dito extremo da solicitude no prazo de DOUS DÍAS HÁBILES a contar dende a publicación da presente resolución, conforme ao establecido nas Bases reguladoras do procedemento de selección de persoal laboral temporal a tempo completo a contratar ao abeiro do Programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña

**Segundo.-** Ordear ao Tribunal a suspensión das actuacións ata a subsanación ou non da solicitude e se dicte nova resolución definitiva de admitidos e excluídos, momento no que proseguirán as súas actuacións.

**Terceiro.-** Manter a eficacia da proba de galego xa realizada polos aspirantes ou do certificado Celga ou equivalente presentado.

**Cuarto.-** Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web.

En Cedeira, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Pablo Diego Moreda Gil, do que eu, Ana Velo Ruiz, como Secretaria, dou fe.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.cedeira.es>.  
(O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).

